

# ORDENANZA FISCAL NÚMERO 28 REGULADORA DA TAXA E PREZO PUBLICO POLOS SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

## CAPITULO I.- Réxime xeral

### ARTIGO 1.-FINALIDADE E OBXECTO:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de rexime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales, a presente ordenanza regula as normas e establece a taxa polos servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís e o prezo público pola cesión da “alfombra cerimonial” de titularidade municipal.

## CAPITULO II.- Dos servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís.

### ARTIGO 2.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible a prestación dos servizos derivados do conxunto de actuacións realizadas, a instancia da parte interesada, co gallo da celebración de matrimonios civís no Concello de Ortigueira, que conleva a actividade administrativa, a organización e celebración polos respectivos servizos municipais.

2.- Non se inclúe a tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nen a expedición posterior do libro de familia, dado que se ten que tramitar no correspondente Rexistro Civil polos/as interesados/as.

### ARTIGO 3.- Xestión

3.1.- O acto de matrimonio civil poderá celebrarse calquera día do ano, en horario de mañá ou tarde, agás:

a) 1 e 6 de xaneiro

b) 29 e 30 de xullo

c) 24, 25 e 31 de decembro

d) Cando as datas coincidan con actos institucionais ou municipais de calquera índole (culturais, sociais,).

3.2. Os interasados/as deberán solicitar mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde a celebración do acto do matrimonio civil, facendo constar a data e hora nas que desexan que se leve a cabo a cerimonia, acompañando a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento regulamentario de identificación dos/as contraentes.

- No caso de que se desexe deberase relacionar os datos da organización, os cales deberán obter a aprobación do Concello.

3.3. Na semana anterior á celebración da cerimonia deberá constar no Concello:

-Expediente gubernativo autorizando a celebración da cerimonia no Concello de Ortigueira.

-Comparencia de dúas persoas (maiores de idade) que van a ser testemuñas do consentimento o día do casamento, previstas do DNI, pasaporte ou do documento regulamentario de identificación

-Xustificante de aboamento da taxa que se establece na presente Ordenanza.

Non se poderá levar a cabo a cerimonia si faltase algún dos requisitos anteriores ou non se fixese efectivo a correspondente taxa.

#### ARTIGO 4.- Cuantía

4.1.- O cuantía da taxa polo servizo a que se refire o artigo 2 da presente Ordenanza establececese na cantidade de cento vinte euros.

4.2.- O importe da taxa ingresarase por autoliquidación e non se iniciará o servizo en tanto non se fixera efectivo o pago corespondente de acordo co artigo 26.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### ARTIGO 5.- Suxeto pasivo

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.

#### ARTIGO 6 .- Devengo e Obriga de pagamento.

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

#### CAPITULO III.- Da cesión ou utilización da “alfombra ceremonial” de titularidade municipal.

#### ARTIGO 8.- Feito imponible

8.1.-Constitúe o feito imponible do prezo publico establecido no artigo 13 desta Ordenanza a cesión da “alfombra cerimonial” de titularidade municipal para cerimoniais civís, relixiosas, actos institucionais, protocolarios.....

8.2.- Non se inclúe a colocación, retirada e transporte da alfombra, polo que o solicitante deberá recollela nas dependencias municipais e devólvela en devanditas dependencias nas mesmas condicións en que a retirou.

8.3.- O apartado anterior non será de aplicación no caso de que os actos se leven a cabo nas dependencias municipais.

#### ARTIGO 9.- Solicitudes

A solicitude do uso da alfombra deberá estar dirixida ao Sr. Alcalde e deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Ortigueira cunha antelación mínima de dez días hábiles á data na que se desexa utilizar, aportando a seguinte documentación:

a) Solicitude na que se fará constar, como mínimo, os datos do solicitante, lugar onde se vai utilizar a alfombra, e actividade para a que se vai empregar.

b) Autoliquidación e xustificante do ingreso do importe do prezo público correspondente de conformidade co establecido no artigo 13 e seguintes da presente Ordenanza

c) Datos de identificación da persoa responsable da custodia e coidado da alfombra.

#### ARTIGO 10.- Autorización

A concesión ou denegación de autorización do uso e instalación da alfombra corresponderá á Xunta de Goberno Local, previos informes sobre a dispoñibilidade e conveniencia da súa concesión. No caso de que a resolución sexa desfavorable a autorización deberá estar debidamente motivada.

#### ARTIGO 11.- Obrigacións do solicitante:

O solicitante terá as seguintes obrigas:

-Comunicar ao Concello de Ortigueira calquera desperfecto, perda ou deterioro da alfombra.

-Cumprir as disposicións e normas desta ordenanza, así como as que figuren na resolución de concesión do uso.

-Conservación dilixente da alfombra, respondendo dos danos que se poida ocasionar ben por acción ou por omisión, as reparacións serán realizadas polo Concello e repercutido o coste das mesmas ao solicitante.

-Efectuar o pago do prezo público establecido nesta ordenanza.

-Destinar a alfombra ao acto para a que foi solicitada.

-Custodiar e vixilar a alfombra durante todo o periodo do uso autorizado, e devolvela nas dependencias municipais nas mesmas condicións en que foi recollida.

-Asinar a acta, xunto co representante da Entidade Local, onde se recolla o estado da alfombra cando se entrega ao solicitante e o seu estado cando é devolta ao Concello.

#### ARTIGO 12.- Causa de anulación da autorización

A autorización de cesión de uso da alfombra poderá extinguirse:

- a) Pola realización de actividades que non contén con todas as autorizacións regulamentarias ou que contraveñan a presente ordenanza.
- b) Pola necesidade suficientemente motivada do uso da alfombra para a prestación doutros servizos públicos. Neste caso o solicitante perxudicado quedará exento do pago do prezo público, procedendo o Concello, no seu caso, ao reintegro do importe correspondente.
- c) Por non contar cos requisitos mínimos de custodia.
- d) Cando as condicións do lugar onde se pretende colocar a alfombra desaconselle a súa utilización.
- e) Por causas imprevistas de forza maior que desaconsellen a colocación da alfombra.

#### ARTIGO 13.- Cuantía

A cuantía do prezo publico pola cesión da alfombra a que se refire o artigo 2 da presente Ordenanza establececese na cantidade de trescentos euros, por cada período de dous días habiles ou fracción, contados desde o momento en que o solicitante recolle a alfombra ata a devolución da mesma nas dependencias municipais.

#### ARTIGO 14.- Obrigados ó pago.

Está obrigado ó pago do prezo publico polo uso da alfombra o/a beneficiario/a da cesión, entendéndose por tal o/a solicitante.

#### ARTIGO 15 .- Devengo e Obriga de pagamento.

15.1.-O prezo público pola cesión devengarase cando se inicie a prestación ou utilización da alfombra polo solicitante.

15.2- O importe do prezo público ingresarase por autoliquidación do importe provisional e non se iniciará o expediente de cesión da alfombra, en tanto non se fixera efectivo o pago correspondente de acordo cos artigos 45 e 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

15.3. Simultaneamente á presentación da solicitude do uso da alfombra, os interesados deberán realizar o pagamento do prezo publico en calquera das contas das que dispón o Concello en entidades bancarias ou caixas de aforros, ou depositalo na Caixa da Corporación.

15.4.- Os servizos municipais, unha vez devolta a alfombra polo solicitante, comprobarán que o importe da autoliquidación se corresponde co periodo que realmente foi utilizada, practicando, no seu caso, a liquidación definitiva do prezo publico, sen perxuízo das sancións que poidese corresponder por incumprimento da autorización.

#### ARTIGO 16.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Procederá a exención e bonificación do prezo publico regulados nesta Ordenanza nos supostos e condicións expresamente previstas nas normas con rango de lei.

#### ARTIGO 17.- INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS:

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias así como á imposición das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o rexime regulado na lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor e comezarse a aplicar o día seguinte ao da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.